



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de agosto de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**NON ASISTEN:**

D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e catro de agosto de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(898).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(899). - RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DUN PARQUE INFANTIL NA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 6198/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/08/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (LPAC).

–Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA” (PCAP).

–Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 18 de agosto de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto das obras de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA”, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

**Segundo.-** En data 16 de novembro de 2017, a XGL acordou “Adxudicar a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 569.027,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 98.756,92 euros.
- b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 120 días.
- c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., constituíu garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato por importe de 23.513,55 euros, mediante aval de Afianzamentos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 49.329.

**Terceiro.-** En data 23 de novembro de 2017, formalizouse o contrato en documento administrativo.

**Cuarto.-** En data 11 de decembro de 2017, levantouse a acta de comprobación do replanteo, e comezou o cómputo do prazo de execución do contrato, que debía finalizar en data 12 de febreiro de 2018.



## Concello de Vigo

**Quinto.-** En data 29 de decembro de 2018, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns 29/12/2017 resolve o seguinte:

*“ 1º.- Autorizar ao director facultativo da obra do proxecto de “Ampliación do parque infantil da rúa Venezuela” a expedir certificación a favor da mercantil Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, por importe de 204.239,83€ IVE engadido, (correspondente ao 75% do valor dos materiais acopiados para executala), con cargo á partida 1710.6190015 do vixente orzamento de gastos municipal.*

*2º.- Previamente á aprobación da certificación e da correspondente factura, o contratista deberá constituír garantía e depositala na Tesourería Municipal, polo importe total da certificación, en calquera das formas que autoriza o TRLCSP e conforme ao disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a contratación. O importe da mesma ascende a 204.239,83€ € IVE engadido, incluído por acopio de materiais. “*

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., presentou aval da entidade BANCO SABADELL SA, NIF A-15352735 por importe de 255.299,79 euros, para responder polo acopio dos materiais (doc nº 170156029).

**Sexto.-** Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo 3 de febreiro de 2018 (doc nº 180019261) , o director facultativo da obras presenta solicitude de modificación do proxecto de ampliación Parque Infantil da rúa Venezuela.

**Sétimo.-** En data 13 de febreiro de 2018, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns notifica o director facultativo o seguinte:

*“ En relación co seu escrito de data de entrada no Rexistro Electrónico do 03/02/2018 (W260778-87436), no que solicita modificación do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, deberá incorporar á súa solicitude a seguinte documentación:*

- a) Xustificación das causas do proxecto modificado, sinalando se se varían as unidades de obra ou se introducen novas unidades.
- b) Descrición básica da obra a realizar.
- c) Importe aproximado da modificación (non superior ao 10% do prezo primitivo do contrato).
- d) Indicación de se a redacción do proxecto modificado conlevaría a suspensión temporal, total ou parcial das obras en curso. No caso de que a paralización fose parcial, deberá achegar a relación das partidas afectadas pola mesma coa súa medición actualizada.
- e) Indicación do posible aumento do prazo de execución do proxecto modificado.

*De non presentar a devandita documentación no prazo de DEZ DÍAS, sinalado no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, ao non cumprir a súa solicitude coa normativa vixente (artigos 66 e 67 da citada Lei 39/2015).”*

**Oitavo.-** Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo 9 de marzo de 2018, o Director facultativo da obra presenta informe para xustificar o modificado do proxecto da ampliación do parque infantil da rúa Venezuela. Asemade en data 23 de marzo de 2018 presenta copia do libro de ordes no que se anota a paralización parcial e temporal da devandita obra.

**Noveno.-** En data 4 de abril de 2018, o Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns remite o expediente ao Servizo de Contratación para que se continúe coa tramitación do procedemento de modificación do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela.

**Décimo.-** En data 13 de abril de 2018, a xefa do Servizo de Contratación devolve o expediente ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns toda vez que, o prazo de execución do contrato está vencido por canto a solicitude de suspensión non cumpre o sinalado no artigo 103 do RD 1098/2001.

**Undécimo.-** En data 17 de abril de 2018, o responsable do contrato notifica ao director das obras o seguinte:

“ En relación co seu escrito de data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo do 3 de febreiro de 2018 (W260778-8743 – Doc. 180019261), no que solicita modificado do proxecto de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela comunícolle que:

A xefa do Servizo de Contratación en data 13/04/2018 informou que: “ (...) O prazo de execución do contrato está vencido por canto a solicitude de suspensión non cumpre os requisitos legais previstos no artigo 103 do RD 1098/2001, e non foi acordada polo responsable do contrato.”

Á vista do exposto, non é posible acceder ao solicitado toda vez que, o prazo de execución do contrato finalizou na data 12/02/2018.(...)”

**Duodécimo.-** En data 18 de abril de 2018, o responsable do contrato e o xefe de Servizos Xerais informan que “ *Á data de hoxe as obras non están executadas polo que, á vista do incumprimento no prazo de execución das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, dáse traslado do presente expediente á técnica de administración xeral para que inicie os trámites oportunos para a incoación de procedemento para a imposición de penalidades á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. Á vista do estado actual das obras, outorgáselle á empresa un prazo de 1 mes para a finalización destas.*”

**Décimo terceiro.-** En data 9 de maio de 2018, o xefe do servizo e o xefe da Área de Servizos Xerais emiten informe relativo aos atrasos na execución das obras no que sinalan o seguinte:

“ (...) As obras de Ampliación do Parque Infantil da rúa Venezuela, adxudicadas á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.” ten un prazo contractual de execución de 2 meses, polo que a obra debera finalizar o día 11 de febreiro do 2018. Dende esta data ata o día de hoxe, tal e como se constatou nas inspeccións do Enxeñeiro Industrial Municipal D. Roberto Carlos González Fernández, a petición da xefatura do Servizo, producíronse atrasos na execución da obra debido ás seguintes circunstancias:



## Concello de Vigo

- Ampliación de afeccións: A área de impermeabilización prevista no proxecto abarcaba un área distinta e menor ca área da planta que ocupa actualmente o aparcamento soterrado de vehículos e locais comerciais existentes. As xardineiras de obra existentes e os laterais da praza quedaban fora da impermeabilización da área do Parque Infantil a remodelar.

Ao inicio da obra, e previo a demolición do pavimento, realizouse un estudio do estado dos locais inferiores co control de calidade, para determinar as filtracións existentes e os puntos de localización e se identifican estes preferentemente na zona coincidente con ditas xardineiras, polo que é necesario actuar sobre as mesmas, impermeabilizándoas, para corrixir estas filtracións. Isto fai que se amplíe o ámbito da impermeabilización.

- Climatoloxía. A climatoloxía adversa neste tipo de obras ten un condicionante moi determinante na execución da mesma. A execución da impermeabilización total da praza, incluíndo as xardineiras, non se pode executar con choiva ou con a superficie mollada, xa que non se poderían garantir os traballos executados.

Debido á climatoloxía adversa nos meses da execución da impermeabilización, sufríronse atrasos na execución da obra. Este atraso corresponde coa partida que afecta á impermeabilización e ao recrido con morteiro/formigón e que non se puideron realizar mentres non cesaba a persistencia das choivas.

Ademais, coincide con que a área do parque recolle e forma presa das augas da rúa adxacente e isto fai moi difícil secar a plataforma con medios artificiais (analizado en obra), ao estar constantemente recibindo auga.

Esta execución da capa impermeabilizante é unha execución crítica e condicionando das unidades de execución posterior, xa que non se puideron realizar ningunha actuación ata que se concluíu coa impermeabilización.

A impermeabilización tratouse por fases e diferentes zonas da praza para poder verificar o estado da mesma e poder continuar os traballos por zonas e non esperar a unha finalización total da praza.

A continuación pódense ver os valores obtidos dos informes mensuais climatolóxicos obtidos de Meteogalicia, onde se pode observar os días de choiva que condicionou a execución da impermeabilización:

Estación	Precipitación l/m2			Nº días choiva
	Acumulado	Máximo	Día	
Vigo				
Decembro 2017	182	65,6	10	14
Xaneiro 2018	165	28,6	13	19
Febreiro 2018	99	37,8	28	14

- Control de calidade. O control de execución na impermeabilización por parte do control de calidade externado nunha empresa, non validaba a execución da impermeabilización ata poder verificar e diferenciar as filtracións existentes. Ditas filtracións podían ser debidas a fallos na impermeabilización da obra executada ou as posibles filtracións da zona adxacente.

Debido á pouca fiabilidade con tempo de choiva, se pospoñen as visitas e certificacións ata días secos, creando un atraso na execución desta actividade crítica.

(...)

(...) A partir desa nova data xustificada cos atrasos, estaríamos establecidos en data 12 de marzo do 2018. A partir desa data os atrasos xerados na obra non serían motivados e serían imputables integramente á xestión da execución por parte do contratista.

A día do informe expóñense unha reportaxe fotográfica para poder indicar os traballos que faltarían por executar.(...).

(...) Sempre considerando unha climatoloxía sen choivas, como indica o pronóstico que se ten para 14 días. A influencia da choiva soamente estaría afectada á execución do pavimento de caucho continuo.

Polo que a planificación estimada dos traballos que faltarían por executar é de 11 días laborais.”

**Décimo cuarto.-** En data 21 de maio de 2018, a XGL, acordou “Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., do 1% do importe do contrato, que ascende a 7.668,85 euros, polo incumprimento dun criterio de adxudicación regulado na cláusula 35.3.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato”.

**Décimo quinto.-** En data 10 de agosto de 2018, o responsable do contrato, a sazón, xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, solicita ao servizo de Contratación a resolución do contrato “*Ante a falta de cumprimento dos prazos outorgados e a imposibilidade de concretar a data de finalización e posta en servizo do parque*”.

**Décimo sexto.-** En data 13 de agosto de 2018, D. Manuel Pérez Naveiro, director facultativo da obra, presenta no rexistro electrónico deste concello, un informe sobre o estado da obra, que inclúe diversa documentación relativa á situación dos acopios, as certificacións realizadas ata o 30 de xullo de 2018 e o estado da obra.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **Natureza do contrato e lexislación aplicable**

O contrato que nos ocupa é de obras por canto o seu obxecto é a realización dunha obra, en concreto a ampliación do parque infantil da rúa Venezuela. Así determinase na cláusula 2.1 do PCAP.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable á resolución contractual. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares así como pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).



## Concello de Vigo

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

### Da resolución

A lexislación de contratos do sector público recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.5 e 40 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impida ou faga inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 221 TRLCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ó regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos.

Antes de analizar estas causas e os efectos que anuda a lei ás mesmas, é preciso determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato se aplicarán distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos.

A teor do PCAP (cláusula 2.1), estamos en presenza dun contrato de obras.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 223 e 237 do TRLCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo de quince días hábiles para o inicio da execución do contrato no caso de tramitación urxente, salvo que o atraso débese a causas alleas á Administración contratante e ó contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada.
- e) A demora no pago do prezo por parte da Administración por prazo superior a 8 meses ou o inferior fixado pola respectiva Comunidade autónoma.

- f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos términos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ó interese público de continuarse executando a prestación neses términos, cando non sexa posible modificar o contrato.
- h) As establecidas expresamente no contrato. En concreto, no que nos ocupa, a cláusula 40.3 do PCAP consigna a seguinte: o incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo (aprobado por acordo Plenario do 29/11/2010, publicado no BOP do 29/03/2011).
- i) A demora na comprobación do replanteo, conforme ao artigo 229.
- j) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a seis meses por parte da Administración.
- k) O desistimento ou a suspensión das obras por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración.

Tras un exame das citadas causas de resolución podemos deducir que o caso que nos ocupa se pode subsumir no suposto mencionado no apartado d) da anterior enumeración, que se corresponde co disposto no artigo 223.d do TRLCSP: "A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista".

Tal e como desprendese dos informes técnicos recollidos nos antecedentes, o prazo do contrato inicialmente finalizaba o 12 de febreiro.

Constatado o incumprimento do prazo, e tendo en conta, ademais, que neste caso a redución do prazo de execución do contrato é un dos criterios de adxudicación deste contrato, incoouse expediente ao contratista para a imposición de penalidades, e concedéuselle un novo prazo para o remate das mesmas. Pois o artigo 212.4 do TRLCSP permite ao órgano de contratación, cando o contratista, por causas que lle son imputables, incurra en demora respecto do cumprimento do prazo total, optar entre a resolución do contrato ou a imposición de penalidades.

No entanto, tampouco cumpriuse este novo prazo, co agravante ademais de que é imposible optar por impor novas penalidades por canto o contratista non acude as reunións de coordinación as que lle convoca o responsable do contrato.

### -III-

#### **Do procedemento de resolución**

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede que a Administración contratante inicie o procedemento de resolución do contrato.

En relación coa resolución dos contratos administrativos, a xurisprudencia mantén a aplicabilidade dos principios contidos no Código Civil, segundo os cales a facultade de resolver enténdese implícita en favor da parte que cumpre e en contra da que incumpre as súas obrigacións, aínda que para que a acción de resolución proceda é preciso que a parte que a exerceite cumpra coas obrigacións que lle incumben (SSTS de 27 de setembro e 25 de novembro de 1985).





## Concello de Vigo

En consecuencia, deberá ser a Administración contratante a que inicie o procedemento de resolución do contrato, pois esta non opera de forma automática, senón que debe ser declarada formalmente pola Administración contratante seguindo o procedemento establecido ó efecto. Como trámite preceptivo do procedemento a seguir para a resolución do contrato por mora do contratista, a lei fixa a audiencia do contratista e, se este formulase oposición, o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso. O TRLCSP non regula o procedemento de resolución, remite á súa regulación a un posterior regulamento.

De acordo cos artigos 211 do TRLCSP (en relación coa disposición adicional 2ª.8 do mesmo corpo legal) e 109 do RLCAP, os requisitos do procedemento de resolución son os seguintes:

- Deberá darse audiencia ó contratista por prazo de dez días naturais.
- Deberá darse audiencia ó avalista ou asegurador se se propón a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior.
- Os acordos deberán ser adoptados previo informe da Asesoría Xurídica.
- Será preceptivo o informe do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista.
- Os acordos que adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Como pode apreciarse á vista dos trámites enumerados, o procedemento de resolución é un procedemento de carácter contradictorio. Como tal, é trámite preceptivo do mesmo, a audiencia do contratista, a fin de que este poida formular as alegacións que o seu dereito estime convenientes. E a lei, como garantía dos dereitos do contratista, establece que, se este formulase oposición, é preceptivo solicitar o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigo 211 TRLCSP).

Procede, así mesmo, evacuar trámite de audiencia ós avalistas por canto no presente caso é posible que sexa necesario incautar as garantías. Recordemos que o contratista ten constituídas dous garantías:

- A garantía definitiva, que responde da execución do contrato, por importe de 23.513,55 euros, constituída mediante aval de Afianzamentos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca.
- Unha garantía para responder dos acopios de materiais realizados en decembro de 2017, constituída mediante aval da entidade BANCO SABADELL SA, por importe de 255.299,79 euros.

Do resto dos trámites do procedemento de resolución previstos nos artigos 211 do TRLCSP e 209 do RLCSP, a saber, o informe preceptivo da Asesoría Xurídica e a fiscalización da Intervención, a xuízo da informante, deberán evacuarse cando, finalizado o trámite de audiencia ó contratista, se contesten as alegacións formuladas polo mesmo, se é o caso, e se formule a proposta de resolución ó órgano de contratación.

**-IV-**

**Dos efectos da resolución**

En canto ós efectos da resolución cando o contrato se resolva por incumprimento imputable ao contratista, como neste caso, o artigo 225.3 do TRLCSP determina que este deberá compensar á Administración polos danos e perdas causados. A indemnización será efectiva, en primeiro lugar, coa garantía de que, no seu caso, fose establecida, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que supera o importe da garantía incautada.

Tamén hai que ter en conta a circunstancia de que o contratista tiña xa comezado a execución da obra. O artigo 239 do TRLCSP, ó regular os efectos específicos da resolución dun contrato de obras, prevé esta situación e determina que en primeiro lugar haberá que proceder á comprobación, medición e liquidación das obras realizadas con arranxo ao proxecto, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Será necesaria a citación deste, no domicilio que figure no expediente de contratación, para a súa asistencia ao acto de comprobación e medición. No entanto, citado varias veces polo responsable do contrato, o contratista non ten comparecido.

No obstante, as obras executadas foron obxecto das correspondentes certificacións e aboadas ao contratista. Constan no expediente informes sobre o estado de execución da obra, tanto do responsable do contrato como do director facultativo da obra.

No seguinte cadro reflíctese a parte executada de obra e a pendente de executar:

	<b>Presuposto</b>	<b>Falta por certificar</b>
<b>Presuposto íntegro</b>	766.884,15€	166.566,58€
<b>Baixa 25,80%</b>	197.856,16€	42.974,19€
<b>Presuposto líquido de adxudicación</b>	569.027,99€	123.592,39€

Con respecto aos acopios de materiais realizados, informa o director facultativo que do importe acopiado, que ascende a 204.239,83 euros, o valor real dos acopios incorporados á obra é de 73.104,78 euros. E o importe dos acopios non subministrados é de 131.135,05 euros. Procedería, en consecuencia, incautar a garantía que responde dos acopios de materiais no importe non incorporado a obra, 131.135,05 euros.

**-V-**

**Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga inescusable de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto o convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ó deber de comunicación previa á Administración.



## Concello de Vigo

Esta resolución deberá ditarse no prazo fixado para resolver o procedemento de que se trate. No entanto, para o caso que que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución. Dispón o artigo 21. 3 LPAC que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”. E a continuación fixa regras para o cómputo do mesmo. Que no caso dos procedementos iniciados de oficio como o presente computarase desde a data do acordo de iniciación.

### -VI-

#### **Competencia**

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Logo da audiencia ó contratista emitírase informe proposta que resolverá o mesmo órgano competente, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), e en caso de que o contratista formule oposición, do informe do Consello consultivo.

### -VII-

#### **Acordo**

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Iniciar o procedemento para a resolución do contrato de obras de “AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA”, adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 16 de novembro de 2017, a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., por un prezo total de 569.027,99 euros (IVE engadido)” por concorrer a causa prevista no artigo 223.d do TRLCSP, a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.*

*2º.- Dar traslado do presente acordo ó contratista e ós avalistas, Afianzamentos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca e Banco Sabadell, S.A., concedéndolle un prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte á recepción do presente acordo para formular as alegacións que estime convenientes”.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(900).- REVISIÓN DE TARIFAS DO CONTRATO XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS PISCINAS CUBERTAS NAS PARCELAS DO PERI 4 BARREIRO II E NA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO I DO PERI II-12 A FLORIDA B. EXPTE. 17566/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1/08/18 e o informe de fiscalización do 20/08/18 e o informe-proposta de data 10/07/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### **1.- Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Piscina da Florida o pasado 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a piscina de Barreiro.

En relación ás tarifas e funcionamento das piscinas a XGL aprobou en data 29/10/2010 as normas e adecuación do cadro de tarifas para o funcionamento dos servizos a prestar nas piscinas de Barreiro e A Florida.

Con data 17/03/2012, a Xunta de Goberno Local, aproba a revisión de tarifas para o período novembro 2010/novembro 2011, segundo o IPC interanual (expte 11073-333).

Con posterioridade, en data 7/09/2012, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 11221-333):

*“Primeiro: Establecer a efectos perceptivos do devengo das tarifas aplicables o “contrato de xestión de servizos públicos para construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do Peri 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do Peri II-12 a Florida B”, para o calculo do IPC, a data teórica establecida a partir da posta en servizo da instalación mais recente “Barreiro; 1 de febreiro de 2011”, cunha antelación de 15 meses, como período derivado dos argumentos fundamentados como atrasos imputables o propio Concello de Vigo, fixando o momento final na data do indicador publicado de IPC para abril.-2012.*

*Segundo: Determinar o incremento complementario das tarifas pola utilización das instalacións obxecto da concesión de referencia en relación o IPC, nun porcentaxe equivalente ao 3.60 % coincidente coa evolución do IPC, no período novembro 2009 e abril 2012, e*



## Concello de Vigo

*a dedución do IPC do período novembro 2010 novembro 2011 aprobado con anterioridade.*

*Terceiro: As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao mais cercano múltiplo da fracción 5/100.*

*Cuarto: Toda vez que a revisión de tarifas recolle a totalidade do período dende o inicio da explotación e os atrasos acumulados, as futuras revisións das tarifas se realizarán anualmente, tendo en conta a referencia da presente revisión aprobada de acordo o período novembro 2009 - abril 2012."*

Con posterioridade, en data 01/08/2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 13214-333):

*Primeiro.- Arquivar o expediente 12403-333 relativo á revisión de tarifas para o período abril 2012-abril 2013, xa que non se tramitou no seu día por orde do concelleiro-delegado de Deportes e a dita revisión xa se inclúe no expediente actual.*

*Segundo.- Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2012/abril 2014, fixada no 1.80 %.*

*Terceiro.- As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.*

*Cuarto.- Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro, segundo o estipulado no anexo I que figura no expediente.*

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente celebrada o 31 de agosto de 2017, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2014/abril 2017 (expte 16326-333).

Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2017 aprobou a revisión das tarifas polo uso das pistas de pádel do complexo de Barreiro derivado do incremento do IPC anual no período outubro 2014-abril 2017 (expte 16327-333).

En relación co anterior, a empresa AQUA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 180082977 de data 30/05/18), de solicitude de incremento ordinario de tarifas no período comprendido entre abril de 2017 e abril de 2018.

Todo, tendo en conta que o prego de condicións administrativas establece no seu artigo 8.2 a revisión de tarifas. En relación a este aspecto, enténdese que a revisión das tarifas debe realizarse sobre a data solicitada polo concesionario, co obxecto de non proceder a provocar un prexuízo ao mesmo.

En relación co período de aplicación das novas tarifas, así como o seu período de aplicación, indicar que o mesmo queda definido directamente no apartado 8.1 do prego de condicións administrativas particulares no cal especifica o proceso de revisión ordinaria de tarifas “verificaranse anualmente, en función das variacións que experimente o índice de prezos ao consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente ao da data en que entre en funcionamento as instalacións deportivas, aínda que sexa parcialmente e como final o último aprobado, aínda que sexa provisional.” En base a este apartado o período de aplicación quedará determinado dende a súa aprobación ata a finalización do período anual de revisión, o cal quedará supeditado a unha nova aprobación da revisión.

## **2.- Proposta de revisión do IPC:**

Vista a solicitude presentada con data 30/05/2018 pola empresa AQUA-VIGO XESTIÓN DE-PORTIVA, S.A.U e tendo en conta que o período de revisión establécese entre abril 2017 e abril 2018, o IPC segundo o certificado do INE é de 1,1 %, polo cal en base á solicitude establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. Así, o novo cadro de tarifas (anexo I) contempla unha revisión con unha media de 1,1.

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2017 a abril 2018)						
Concepto	Tarifa Actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2018 S/ive 1,1%	IVE 21 %	Nova tarifa Con iva	Tarifa final Redondeada
Abonado Joven	24,55 €	20,29 €	20,51 €	4,31 €	24,82 €	24,80 €
Abonado > 60 años	22,05 €	18,22 €	18,42 €	3,87 €	22,29 €	22,30 €
Abonado Matinal	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Abonado Individual	36,80 €	30,41 €	30,75 €	6,46 €	37,21 €	37,20 €
Abonado Familiar Titular	36,80 €	30,41 €	30,75 €	6,46 €	37,21 €	37,20 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	6,10 €	5,04 €	5,10 €	1,07 €	6,17 €	6,15 €
Abonado Discapacitado	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Abno Padel	23,10 €	19,09 €	19,30 €	4,05 €	23,35 €	23,35 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	24,55 €	20,29 €	20,51 €	4,31 €	24,82 €	24,80 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Curso piscina Adulto/Niño 2 D/S Abonado	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Curso piscina Adulto/Niño 2 D/S NO Abonado	98,00 €	80,99 €	81,88 €	17,19 €	99,07 €	99,05 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	68,65 €	56,74 €	57,36 €	12,05 €	69,41 €	69,40 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	137,25 €	113,43 €	114,68 €	24,08 €	138,76 €	138,75 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	30,65 €	25,33 €	25,61 €	5,38 €	30,99 €	31,00 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	61,25 €	50,62 €	51,18 €	10,75 €	61,93 €	61,95 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	19,30 €	15,95 €	16,13 €	3,39 €	19,52 €	19,50 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado	38,60 €	31,90 €	32,25 €	6,77 €	39,02 €	39,00 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	38,60 €	31,90 €	32,25 €	6,77 €	39,02 €	39,00 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	77,20 €	63,80 €	64,50 €	13,55 €	78,05 €	78,05 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	42,90 €	35,45 €	35,84 €	7,53 €	43,37 €	43,35 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	24,55 €	20,29 €	20,51 €	4,31 €	24,82 €	24,80 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	98,00 €	80,99 €	81,88 €	17,19 €	99,07 €	99,05 €
Entrada libre piscina Adultos	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €



## Concello de Vigo

Entrada libre piscina Menores	2,45 €	2,02 €	2,05 €	0,43 €	2,48 €	2,50 €
Entrada libre sala fitness Adultos	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,45 €	2,02 €	2,05 €	0,43 €	2,48 €	2,50 €
Entrada libre completa incluído SPA	12,25 €	10,12 €	10,24 €	2,15 €	12,39 €	12,40 €
Adiestramientos específicos personalizados mensual	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Personal Training 1 sesión	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Alquiler toalla pequena por acceso	0,85 €	0,70 €	0,71 €	0,15 €	0,86 €	0,85 €
Alquiler toalla grande por acceso	0,95 €	0,79 €	0,79 €	0,17 €	0,96 €	0,95 €
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	7,35 €	6,07 €	6,14 €	1,29 €	7,43 €	7,45 €
Bono mensual toalla grande (1 por acceso)	12,25 €	10,12 €	10,24 €	2,15 €	12,39 €	12,40 €
Alquiler mensual de taquillas	12,25 €	10,12 €	10,24 €	2,15 €	12,39 €	12,40 €
Alquiler 1 calle piscina 1 h	22,05 €	18,22 €	18,42 €	3,87 €	22,29 €	22,30 €
Alquiler 1 sala de actividades 1 h	22,05 €	18,22 €	18,42 €	3,87 €	22,29 €	22,30 €
Fianza carnet usuario (abonados y cursillistas)	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Carnet / pulsera	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Perdida del carnet usuario (a partir 2º carnet)	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Perdida llave taquilla	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Devolución bancaria	1,20 €	0,99 €	1,00 €	0,21 €	1,21 €	1,20 €
Tarifa Plus Spa	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
* Incrementos redondeados al alza o a la baja en múltiplos de 0,05.						

			con iva (21 %)	Tarifa ac- tual s/IVE	Tarifa + IPC a abril 2018 s/iva 1,1%	IVE 21%	Nova tarifa Con iva	Tarifa final Redondea- da
1 hora	Pistas descubiertas	07:00/17:00	10,55 €	8,72 €	8,81 €	1,85 €	10,66 €	10,65 €
		17:00/23:00	12,85 €	10,62 €	10,74 €	2,26 €	13,00 €	13,00 €
	Pistas Cubiertas	07:00/17:00	11,70 €	9,67 €	9,78 €	2,05 €	11,83 €	11,85 €
		17:00/23:00	14,00 €	11,57 €	11,70 €	2,46 €	14,16 €	14,15 €
1/2 hora	Pistas descubiertas		5,85 €	4,83 €	4,89 €	1,03 €	5,92 €	5,90 €
			7,00 €	5,79 €	5,85 €	1,23 €	7,08 €	7,10 €
	Pistas cubiertas		7,00 €	5,79 €	5,85 €	1,23 €	7,08 €	7,10 €
	suplemento luz (ind. Tempo)		2,35 €	1,94 €	1,96 €	0,41 €	2,37 €	2,35 €
	Bono 10 (1 h) S/Luz		112,20 €	92,73 €	93,75 €	19,69 €	113,44 €	113,45 €
	Bono 20 (1 h) S/Luz		218,60 €	180,66 €	182,65 €	38,36 €	221,01 €	221,00 €
	Bono 30 (1 h) S/Luz		319,10 €	263,72 €	266,62 €	55,99 €	322,61 €	322,60 €
	Clases de Padel							
	Curso mensual 1 d/s (mx 5 alum)	Abonados	46,70 €	38,60 €	39,02 €	8,19 €	47,21 €	47,20 €
		Non abonados	70,10 €	57,93 €	58,57 €	12,30 €	70,87 €	70,85 €
	Curso mensual 2 d/s (mx 5 alum)	abonados	87,70 €	72,48 €	73,28 €	15,39 €	88,67 €	88,65 €
		Non abonados	128,55 €	106,24 €	107,41 €	22,56 €	129,97 €	129,95 €
	Bono 5 clases individuais		198,70 €	164,21 €	166,02 €	34,86 €	200,88 €	200,90 €
	Bono 5 clases colectivas (2/4 pers)		490,90 €	405,70 €	410,17 €	86,14 €	496,31 €	496,30 €
	Aluguer Raqueta (partido)		1,75 €	1,45 €	1,46 €	0,31 €	1,77 €	1,75 €

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

a) Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa cláusula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2017/abril 2018, fixada no 1,10 %.

b) As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustáranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.

c) Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se presten nas piscinas de Florida e Barreiro así como as actividades complementarias que se presten nas pistas de padel, segundo o estipulado no anexo I.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I:**

Tabla de revision ordinaria de tarifas.- Actualizacion IPC periodo (abril 2017 a abril 2018)						
Concepto	Tarifa Actual	Tarifa actual sin IVE	Tarifa + IPC a abril 2018 S/ive 1,1%	IVE 21 %	Nova tarifa Con iva	Tarifa final Redondeada
Abonado Joven	24,55 €	20,29 €	20,51 €	4,31 €	24,82 €	24,80 €
Abonado > 60 años	22,05 €	18,22 €	18,42 €	3,87 €	22,29 €	22,30 €
Abonado Matinal	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Abonado Individual	36,80 €	30,41 €	30,75 €	6,46 €	37,21 €	37,20 €
Abonado Familiar Titular	36,80 €	30,41 €	30,75 €	6,46 €	37,21 €	37,20 €
Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *	6,10 €	5,04 €	5,10 €	1,07 €	6,17 €	6,15 €
Abonado Discapacitado	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Abno Padel	23,10 €	19,09 €	19,30 €	4,05 €	23,35 €	23,35 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado	24,55 €	20,29 €	20,51 €	4,31 €	24,82 €	24,80 €
Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Curso piscina Adulto/Niño 2 D/S Abonado	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Curso piscina Adulto/Niño 2 D/S NO Abonado	98,00 €	80,99 €	81,88 €	17,19 €	99,07 €	99,05 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado	68,65 €	56,74 €	57,36 €	12,05 €	69,41 €	69,40 €
Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado	137,25 €	113,43 €	114,68 €	24,08 €	138,76 €	138,75 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado	30,65 €	25,33 €	25,61 €	5,38 €	30,99 €	31,00 €
Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S NO Abonado	61,25 €	50,62 €	51,18 €	10,75 €	61,93 €	61,95 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado	19,30 €	15,95 €	16,13 €	3,39 €	19,52 €	19,50 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO	38,60 €	31,90 €	32,25 €	6,77 €	39,02 €	39,00 €





## Concello de Vigo

Abonado						
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado	38,60 €	31,90 €	32,25 €	6,77 €	39,02 €	39,00 €
Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado	77,20 €	63,80 €	64,50 €	13,55 €	78,05 €	78,05 €
Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)	42,90 €	35,45 €	35,84 €	7,53 €	43,37 €	43,35 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados	24,55 €	20,29 €	20,51 €	4,31 €	24,82 €	24,80 €
Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados	49,00 €	40,50 €	40,94 €	8,60 €	49,54 €	49,55 €
Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados	98,00 €	80,99 €	81,88 €	17,19 €	99,07 €	99,05 €
Entrada libre piscina Adultos	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Entrada libre piscina Menores	2,45 €	2,02 €	2,05 €	0,43 €	2,48 €	2,50 €
Entrada libre sala fitness Adultos	3,70 €	3,06 €	3,09 €	0,65 €	3,74 €	3,75 €
Entrada libre sala fitness Menores	2,45 €	2,02 €	2,05 €	0,43 €	2,48 €	2,50 €
Entrada libre completa incluido SPA	12,25 €	10,12 €	10,24 €	2,15 €	12,39 €	12,40 €
Adiestramientos especificos personalizados mensual	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Personal Training 1 sesion	18,35 €	15,17 €	15,33 €	3,22 €	18,55 €	18,55 €
Alquiler toalla pequena por acceso	0,85 €	0,70 €	0,71 €	0,15 €	0,86 €	0,85 €
Alquiler toalla grande por acceso	0,95 €	0,79 €	0,79 €	0,17 €	0,96 €	0,95 €
Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)	7,35 €	6,07 €	6,14 €	1,29 €	7,43 €	7,45 €
A finalidade pública e cargas, detállase na Memoria e no informe xurídico obrantes no expediente.

Segundo estes documentos, a superficie obxecto da concesión está suxeita a un fin concreto o que determina que durante todo o período de vixencia da concesión -75 anos- a zona destinada a viario terá exclusivamente un uso peatonal, quedando vedado o tráfico rodado de vehículos, excepto bicicletas e o tráfico necesario para levar a cabo tarefas de mantemento; o que determina a obriga de proceder a valar lonxitudinalmente os terreos concesionados.

Con independencia de que ao amparo do disposto no artigo 93.4 da LPAP a ocupación non esta suxeita a ao canon previsto na Orden FOM/898/2005, de 8 de abril, nin a taxa prevista no artigo 93.1 da Lei 38/2015, de 29 de setembro do Sector Ferroviario, segundo consta no borrador do documento relativo á concesión elaborado por Adif e se xustifica na devandita Memoria xustificativa, a responsabilidade do mantemento e conservación da zona obxecto da concesión, así como as obras e actuacións que requiran a conservación e correcto estado, así como as responsabilidades pola súa xestión corresponderán ao Concello como concesionario.

### **III.- Procedemento e competencia.**

Consta no expediente de aceptación da concesión os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria da concesión e informe xurídico.

O obxecto desta concesión responde ás competencias que desenvolven os municipios, en virtude do disposto na Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 25.2, letras "b", "h", e "l"; isto é, medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos; Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; e Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno se somete o expediente a informe da intervención Xeral do Concello

De conformidade co disposto no artigo 9 da LCSP as concesións sobre bens de dominio público están excluídas do ámbito de aplicación desta norma e se rexerán pola súa lexislación específica; neste caso a Lei 38/2015, do 29 de setembro do Sector Ferroviario e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas. Na Memoria e no Informe xurídico acredítase a concorrencia dos requisitos establecidos para o outorgamento da concesión.

De forma concreta, o artigo 4 da mesma LCSP especifica que se aplicarán os principios desta Lei para todas as dúbidas e lagunas que poiderán presentarse.

De conformidade coa Disposición adicional segunda apartado 3 TRLCSP e co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aceptación da concesión.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

## **PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aceptar a concesión administrativa para a ocupación de terreos con destino a viario peatonal e ciclista de conexión coa Via Verde Redondela-Vigo no entorno da nova estación de Vigo-Urzaiz entre os PP.KK. 0+332 al 0+732 do Eixo Atlántico “Vigo-Santiago” no termo municipal de Vigo, con arranxo ás cláusulas incluídas no mesmo, co texto que se inserta de seguido no presente **ANEXO**.

**Segundo.-** Solicitar do ORGANISMO PÚBLICO ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF) a aprobación da concesión que se anexa para a ocupación de terreos con destino a viario peatonal e ciclista.

**Terceiro.-** Que a concesión administrativa para a ocupación do dominio público ferroviario, obxecto deste expediente se inscriba no Inventario de bens e dereitos deste Concello en cumprimento da normativa vixente.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO

CONCESION ADMINISTRATIVA PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS CON DESTINO A VIARIO PEONIL E CICLISTA DE CONEXIÓN COA VIA VERDE REDONDELA-VIGO NA CONTORNA DA NOVA ESTACION DE VIGO-URZAIZ ENTRE O PP.KK. 0+332 Ao 0+732 DO EIXO ATLANTICO “VIGO-SANTIAGO” NO T. M. DE VIGO (PONTEVEDRA)

En Vigo, a ... de xuño de 2018.

### **REUNIDOS:**

Dunha parte, a entidade pública empresarial ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS-ALTA VELOCIDADE (en diante **ADIF-AV**), C.I.F.- Q-2802152E-H con domicilio oficial en cale Sor Ángela da Cruz nº 3, PLANTA 9 28020 – Madrid, e representada por.....,

E doutra, o **Excmo. Concello de VIGO**, con C.I.F. ...., con domicilio en ..... nº .., de Vigo, e representada por D. ....

### **INTERVEÑEN:**



## Concello de Vigo

D.....con D.N.I....., en calidade de Apoderado de ADIF Alta Velocidade, de conformidade cos poderes outorgados ante o Notario de Madrid .....

D. ...., en calidade de -----do Concello de Vigo  
Ambas as partes, nas respectivas calidades con que actúan, recoñécense mutua e recíprocamente plena capacidade legal para canto pasan a manifestar e convir e,

### EXPOÑEN:

I.- Que ADIF-AV, en virtude da Orde PRE/2443/2013, de 27 de decembro, ten incluída no seu Inventario xurídico de bens inmobles, unha leira situada entre o P.K. 0+332 e o PK 0+732 do Eixo Atlántico de Alta Velocidade, (entre os P.K. 177/100 e P.K. 177/500 da liña de rede convencional Monforte-Ourense-Vigo), na zona da Rúa Navarra, termo municipal de Vigo (en diante o INMUEBLE). Así consta en aplicación da Orde PRE/2443/2013, de 27 de decembro, pola que se determinan os activos e pasivos da entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, que pasan a ser titularidade da entidade pública empresarial ADIF-AV. A chegar como Anexo I plano identificativo do mesmo

A citada finca foi adquirida por expropiación, a través do *“expediente de expropiación dos terreos necesarios para a construción do ferrocarril de Ourense a Vigo, no Concello de Vigo”* incoado pola Compañía de o Ferrocarril de Ourense a Vigo, datado en Vigo, o día 17 de Outubro de 1871, e teñen unha superficie aproximada de 4.247m<sup>2</sup>, sendo titularidade de ADIF até a entrada en vigor da citada Orde PRE/2443/2013.

O referido INMOBLE atópase formalmente afecto ao servizo ferroviario de interese xeral e ten a natureza xurídica de ben de dominio público.

II.- Que sobre o inmovible antes descrito, o Concello de Vigo pretende executar un viario de conexión que enlace e dea continuidade á actual “Vía Verde” Redondela-Vigo, que conclúe nas proximidades da Nova Estación de Vigo-Urzáiz.

III.- Que a utilización como zona de paso peonil público desta superficie, supón un aproveitamento especial e duradeiro dese dominio público conforme á Lei 38/2015 de 29 de setembro, do Sector Ferroviario, e resulta por tanto susceptible de ser cedida mediante concesión.

IV.- Que tendo en conta de que o aproveitamento especial dos terreos de dominio público ferroviario non leva aparellada utilidade económica para o Concello, considérase que a citada ocupación non está suxeita á taxa prevista no art. 93.1, da citada Lei do Sector Ferroviario. Todo iso de conformidade co disposto no art. 93.4 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Dada a condición de dominio público ferroviario desa parcela, en razón do interese xeral e á vista do uso previsto, as partes conviñeron en instrumentar a cesión do uso deste terreo como **unha concesión administrativa**, e iso de conformidade con de o disposto na Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e coas seguintes

## CONDICIÓN

### **1. TITULAR DA CONCESION:** CONCELLO DE VIGO

**2. OBXECTO DA CONCESIÓN:** A entidade pública empresarial ADIF-AV outorga en favor do citado Concello de Vigo unha concesión administrativa sobre os terreos demaniales descritos e iso co obxecto ocupalos cun viario de uso peonil público e ciclista.

En concreto a concesión para o uso descrito comprenderá unha superficie de 4.247 m<sup>2</sup>.

A descrición e demais características do referido inmovible, figuran no plano que, como Anexo I incorpórase a este documento.

**3. DOMINIO PÚBLICO AFECTADO:** 4.247 m<sup>2</sup>. de zona de dominio público.

**4. DURACIÓN DA CONCESIÓN:** A presente concesión administrativa establécese por un período de **75 anos** que empezará a contar desde a data do presente escrito en que queda autorizada a ocupación do dominio público referido.

**5. CONDICIÓN ECONÓMICAS:** Ao amparo do disposto no art. 93.4 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, considérase a ocupación do dominio público ferroviario non suxeita ao canon previsto na Orde FOM/898/2005 de 8 de abril, nin á taxa prevista no artigo 93.1 da Lei 38/2015 de 29 de setembro do Sector Ferroviario.

### **6. CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN:**

Durante todo o período de vixencia da concesión, a zona destinada a viario terá exclusivamente un uso peonil, quedando vedado, en consecuencia, ao tráfico rodado de vehículos, excepto bicicletas, e a salvo o tráfico con material rodante necesario para levar a cabo tarefas de mantemento.

En particular, o concesionario comprométese e obriga a valar longitudinalmente os terreos concesionados na totalidade da superficie na que limite o novo viario peonil a construír, co resto dos terreos de uso ferroviario situados na marxe esquerda da liña ferroviaria (Eixo Atlántico) que se toma como referencia.

Así mesmo, durante todo o período de vixencia da presente concesión será responsabilidade do concesionario o mantemento e conservación dos bens obxecto desta concesión, así como o custo de devanditas tarefas, incluído os relativos á iluminación, todo elo con íntegra indemnidad para ADIF-AV.

Igualmente, desde a firma do presente documento o concesionario será único responsable de cantos danos, tanto físicos como materiais, poidan ocasionarse ao ADIF-ALTA VELOCIDADE ou a terceiros e sexan consecuencia, directa ou indirecta, do obxecto da presente Concesión, eximindo de toda responsabilidade a ADIF-AV.

Desde o momento en que forneza efectos esta concesión, o Concesionario asume, pola súa conta e cargo, a totalidade dos tributos de calquera clase que na actualidade gravan, ou poidan gravar no futuro, o inmovible cedido, ou que recaian ou poidan recaer sobre el, aínda que se liquidaron a ADIF-AV



## Concello de Vigo

O concesionario deberá garantir en todo momento a adecuada protección das infraestruturas ferroviarias e instalacións complementarias, e dado que o inmovible concesionado sitúase en parte sobre un falso túnel ferroviario, singularmente deberá velar porque o uso previsto e autorizado, non afecte á adecuada impermeabilización, evitando situar elementos ou instalacións que provoquen gretas, roturas e riscos de filtracións de augas localizadas, e non afectando os elementos dos sistemas de electrificación e ventilación ferroviarios. Neste sentido, o Concello deberá priorizar salvagárdala da integridade estrutural dos elementos existentes e permitir o normal acceso ao persoal de vixilancia da liña férrea.

**7. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE:** Ademais das condicións da autorización será de aplicación á concesión administrativa a Lei 38/2015 do Sector Ferroviario, o R.D. 2387/2004 no que non se opoña á anterior, a Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas (artigos 91 e seguintes) e demais disposicións vixentes complementarias ou concordantes ou que se promulguen con posterioridade.

**8. EXTINCIÓN:** A presente concesión poderá ser modificada ou suspendida, parcial ou definitivamente, polas causas previstas no art. 37 do Regulamento da Lei do Sector Ferroviario. Serán, así mesmo, causa de extinción da presente concesión as previstas no art. 100 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas.

A presente concesión tamén se extinguirá por confusión si dése o caso de que, nalgún momento, tramitácese e aprobase definitivamente o correspondente procedemento urbanístico reparcelatorio e a superficie e voo ocupada polo Concello pasasen a ser bens de dominio público de uso local.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas parten subscriben, por duplicado exemplar, o presente documento no lugar e data designados no encabezamento.

### **7(904).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL DE DOUS/DÚAS OFICIAIS SEPULTUREIROS/AS, CON CARGO A VACANTE DA MESMA DENOMINACIÓN CORRESPONDENTE A OEP 2017. EXPTE. 32177/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 10/08/18, dáse conta do informe-proposta do 30/07/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1.-** Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017(expte. 29567/220), publicada no BOP 29/12/2017 integrado por, entre outras, 2 praza de oficial sepultureiro (persoal laboral).

**2.-** Con data 30/05/2018, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co conforme da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder a cobertura de dúas vacantes de oficial sepultureiro correspondente a OEP 2017.

3.- O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 11/07/2018, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible á correspondente proposta de contratación laboral interina á Xunta de Goberno Local de dous/dúas prazas vacantes de Oficial sepultureiro. As prazas están incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017, e a contratación laboral interina farase de conformidade co previsto nos artigos 7, 8 e 11 do *Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e normativa de concordante aplicación*, e o artigo 15.1.c) do *Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores*, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente as referidas prazas, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28/12/2017, publicada no BOP de 29/12/17.

4.- En data 14/06/2018 o técnico de planificación e organización, formulou a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:**

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución ou interinidade para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

A contratación interina, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembre, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.



## Concello de Vigo

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

Neste caso as **contratacións interinas laborais** efectúanse en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017. As referidas prazas (persoal laboral) foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017 aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017(expte. 29567/220), publicada no BOP 29/12/2017.

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “o contrato de traballo extinguirase por expiración do tempo convindo ou realización da obra o servizo obxecto do contrato. Á finalización do contrato, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización de contía equivalente á parte proporcional da cantidade que resulta de aboar 12 días de salario por cada ano de servizo, ou a establecida, no seu caso, na normativa específica que sexa de aplicación.

Os/as funcionarios/as-contratados/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertencen as vacantes, neste caso (posto cód. 205-Oficial sepultureiro, adscritos ao Servizo de cemiterios, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para

cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito de petición de data 30/05/2018, do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co conforme da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente, que figura no expediente, onde se atopa as vacantes, así como na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 11/07/2018 no que se ordena o inicio do presente expediente, resultou acreditado que a cobertura destas prazas vacantes se corresponde cun caso excepcional para cubrir necesidades de carácter transversal e cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Servizo, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, e na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, así como nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, tratándose da cobertura dunha praza das incluídas na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017.

## **III. Proposta de gasto:**

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación interina** proposta de dous/dúas **oficiais sepultureiros**, supón un gasto anual de **23.751,34 €** (ao que deberá engadirse a cantidade de **8.693,04 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa), e imputarase con cargo a praza vacante existente no Servizo Cemiterios, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 205-oficial sepultureiro), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 164.0 do orzamento do exercicio económico 2018, partida 130.00.00 (persoal laboral), cun crédito anual de 23.751,34 € e partida 164.0.160.00.00 por importe de 8.693,04 € (seguridade social a cargo da corporación).





## Concello de Vigo

A xornada laboral do traballador nomeado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

#### IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente, verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Sepultureiro existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Así "Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Quintas Pérez, J.J., con DNI \*\*\*\*110-B e Costas Villar, A., con DNI \*\*\*\*172-S**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia para proceder a **provisión interina** de dous/dúas prazas de **oficiais sepultureiros**, encadrada dentro do **persoal laboral**, asociadas a uns postos de traballo coa mesma denominación, cód. retributivo 205, actualmente vacantes no Servizo de Cemiterios e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vixente na actualidade e, en consecuencia, autorizar o gasto de **23.751,34 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.693,04 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 164.0 do orzamento do exercicio económico 2018, partida 130.00.00 (persoal laboral), cun crédito anual de 23.751,34 € e partida 164.0.160.00.00 por importe de 8.693,04 € (seguridade social a cargo da corporación).

**SEGUNDO:** Contratar interinamente con cargo ás referidas prazas vacantes de Oficial sepultureiro, a **Quintas Pérez, J.J., con DNI \*\*\*\*\*110-B e Costas Villar, A., con DNI \*\*\*\*\*172-S**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que aos interesados formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 205-oficial sepultureiro, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito a o Servizo de Cemiterios, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as prazas de oficial sepultureiro, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28/12/2017, publicada no BOP 29/12/2017.

**CUARTO:** A xornada laboral do traballador nomeado desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos interesados, a Xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(905).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OPERARIOS PEÓNS POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 32267/220.**



## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 8/08/18, dáse conta do informe-proposta do 30/07/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- Con data 14/06/2018, o Xefe do Servizo de Limpeza coa Conformidade do Concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas operarios/as-peóns para atender a carga de traballo que se require para o desenvolvemento das tarefas que teñen encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 27/06/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas operarios/as-peón por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 17/07/2018, o Técnico de Organización e Planificación emite informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. Con data 24/07/2018, rectificouse o informe técnico-económico concretando a cantidade correspondente ao ano 2019.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año corres-*

*pondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**



## Concello de Vigo

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 158-operario-peón, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Limpeza e o Concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, así coma na instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 27/06/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo os informes técnico-económicos emitidos polo Técnico de Organización e Planificación, que constan no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous/dúas operarios/as-peóns, supón un gasto de **21.613,00 €** (17.936,10 € corresponden ao ano 2018 e 3.676,90 € ao ano 2019), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.240,36 €** (6.008,60 € corresponden ao ano 2018 e 1.231,76 € ao ano 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de operario-peón, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Vigo Bao A., con DNI \*\*\*\*988-J** e **López Costas A., con DNI \*\*\*\*881-F**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escrito de data 10/07/2018, segundo consta no expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:



## Concello de Vigo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **operarios-peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza Viaria contidas no escrito do 14/06/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.613,00 €** (17.936,10 € correspondentes ao ano 2018 e 3.676,90 € ao ano 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Vigo Bao A., con DNI \*\*\*\*988-J e López Costas A., con DNI \*\*\*\*881-F**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 158-operario-peón), sendo adscrito/a ao Servizo de Limpeza Viaria, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, ao Xefe de Servizo de Limpeza Viaria, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta nos escritos de datas 14/05/2018, 22/05/2018 e 25/05/2018, se remiten escritos respectivamente asinados pola Xefa do Servizo de Xuventude e Concelleira delegada de Xuventude, polo Concelleiro-delegado da Área de Cultura, e pola Xefa de Conserxería; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23/07/2018, na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Planificación e Organización, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de oito subalternos/as para os distintos servizos anteriormente referenciados, supón un gasto de **85.730,40 €** (da referida cantidade 62.726,08 € corresponden ao presente exercicio, e 23.004,32 € ao vindeiro exercicio 2019), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **26.875,44 €** (da referida cantidade 19.663,86 € correspondente ao presente exercicio e 7.211,58 € ao vindeiro exercicios 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.



## Concello de Vigo

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente

“- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas as listaxes indicadas e comprobadas as mesmas co programa informático actualmente en desenvolvemento no Servizo de Administración electrónica, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Fernández Gil, A., con DNI \*\*\*\*\*006-L, Rodríguez Prieto, S., con DNI \*\*\*\*\*207-G, Comesaña Quintela, M.E., con DNI \*\*\*\*\*911-Q, Pérez Bande, E., con DNI \*\*\*\*\*165-L, Alonso Rodríguez, M.J., con DNI \*\*\*\*\*475-A, Rodríguez Pérez, M., con DNI \*\*\*\*\*540-B, Martínez Rodríguez, A., con DNI \*\*\*\*\*846-Q e Roca Barcia, A., con DNI \*\*\*\*\*699-K**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo.”

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de oito funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as (cinco para Conserxería, dous para o servizo de Cultura e un para o servizo de Xuventude)**, elo ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos referenciados, contidas nos escritos de datas 14/05/2018, 22/05/2018 e 25/05/2018, e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **85.730,40 €** (da referida cantidade 62.726,08 € corresponden ao presente exercicio, e 23.004,32 € ao vindeiro exercicio 2019), xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Fernández Gil, A., con DNI \*\*\*\*\*006-L, Rodríguez**

Prieto, S., con DNI \*\*\*\*207-G, Comesaña Quintela, M.E., con DNI \*\*\*\*911-Q, Pérez Bande, E., con DNI \*\*\*\*165-L, Alonso Rodríguez, M.J., con DNI \*\*\*\*475-A, Rodríguez Pérez, M., con DNI \*\*\*\*540-B, Martínez Rodríguez, A., con DNI \*\*\*\*846-Q e Roca Barcia, A., con DNI \*\*\*\*699-K, , na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-subalterno, sendo adscritos/as aos distintos servizos (cinco para Conserxería, dous para o servizo de Cultura e un para o servizo de Xuventude), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeados/as, ó/á Xefes/as dos Servizos de Conserxería, Cultura e Xuventude, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(909).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS UN/UNHA OFICIAL FERREIRO, POR UN PERIODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA VÍAS E OBRAS. EXPTE. 32387/220.**





## Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 08/08/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 12/07/2018, O Xefe da Unidade de Mantemento Viais Municipais, coa conformidade do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de entre outros, dous/dúas oficiais pavimentadores/as e un/unha oficial ferreiro/a por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 23/07/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais pavimentadores/as e un/unha oficial ferreiro/a, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses. Non existindo na data de instrución de servizo oficiais pavimentadores en condición de ser nomeados, continúaase a tramitación do expediente para o nomeamento dun/dunha oficial ferreiro/a. (trámite 12 do expte)

3.- Con data 02/08/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación, informe económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

**II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**



## Concello de Vigo

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 237- oficial ferreiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, coa conformidade do Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación, de data 12/07/2018; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23/07/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro oficiais electricistas, supón un gasto de **11.901,51 € (da referida cantidade 7.868,77 € corresponden ao presente exercicio e, 4.032,74 € ao vindeiro exercicio 2019)**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **4.355,85 € (2.879,90 € correspondentes ao presente exercicio e, 1.475,95 € ao exercicio 2019)** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Ferreiro/a existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **Cabezas Torres, V., con DNI \*\*\*\*514-K**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os mesmos aceptaron expresamente mediante escritos de data 18 e 19/04/2018, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:



## Concello de Vigo

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **oficial ferreiro/a**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vías e Obras-Taller, contidas no escrito do 12/07/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **11.901,51 € (da referida cantidade 7.868,77 € corresponden ao presente exercicio e, 4.032,74 € ao vindeiro exercicio 2019)**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **Cabezas Torres, V., con DNI \*\*\*\*\*514-K,,** na súa condición de seguinte aspirante na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 237- oficial ferreiro/a), sendo adscrito/a ó Servizo de Vías e Obras-taller, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, o Xefe do da Unidade de Mantemento e Víaís Municipais, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(910).- PROPOSTA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015 DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, COMO DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 32388/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 14/08/18, dáse conta do informe-proposta do 01/08/18, asinado polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xes

### **ANTECEDENTES:**

I.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 09 de novembro de 2018, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Diplomado/a en Traballo Social, á maior brevidade.

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2017 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Diplomados/as en Traballo Social, integrado no subgrupo A2, expte. 30895/220, bases que se publicaron no BOP nº 3 de data 04 de xaneiro de 2018, e nas que se habilitaba expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde Presidente, efectuada en Resolucións de 19 de xuño de 2015 e 30 de decembro de 2016.



## Concello de Vigo

As ditas bases foron rectificadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 01 de febreiro de 2018, publicadas no BOP nº44 do 02 de marzo de 2018.

III.- Transcorrido o prazo para a presentación de recursos contra as referidas bases reitoras, non se interpuxo contra as mesmas recurso algún.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 5 de xullo de 2018, documentada na Acta 7 (asinada en data 19 de xullo de 2018), anexada ao expediente nº 32159 (trámite 96), por unanimidade de tódolos seus membros, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarían parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para Diplomado/a en Traballo Social, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 30 de novembro de 2017, son os que seguen por orde de puntuación, tendo en conta que os empates resolvéronse, segundo o disposto na base IV, a favor dos/as aspirantes de maior idade formulou a correspondente proposta para confeccionar a referida bolsa de emprego, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	TOTAIS
40	ESTEVEZ BAO	M.	*****391N	9,375	8,75	2	20,125
71	MARTINEZ FERNANDEZ	B.	*****121V	8,250	6,250	2	16,500
116	VAZQUEZ OTERO	E.	*****043H	8,000	6,000	2	16,000
97	SAAVEDRA COTILLA	X.	*****299A	5,125	8,875	2	16,000
80	OSUNA LEIROS	S.	*****508M	5,250	7,250	2	14,500
95	RODRIGUEZ GONZALEZ	A.	*****348P	6,250	6,125	2	14,375
68	MALVIDO RODRIGUEZ	M.A.	*****579E	5,375	6,625	2	14,000
87	PEREZ SUAREZ	M.	*****059Y	5,625	5,625	2	13,250
74	MOLANES PIÑEIRO	M. E.	*****694N	5,000	5,812	2	12,812
90	RIAL CASAL	S.	*****332K	5,000	5,750	2	12,750

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*





## Concello de Vigo

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria sustituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

*“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.*

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe coa conformidade da Xefa da Área de recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Diplomado/a en Traballo Social, e que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Diplomado/a en Traballo Social segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta da sesión do día 5 de xullo de 2018 (asinada en data 19 de xullo de 2018), que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	TOTAIS
40	ESTEVEZ BAO	M.	****391N	9,375	8,75	2	20,125
71	MARTINEZ FERNANDEZ	B.	****121V	8,250	6,250	2	16,500
116	VAZQUEZ OTERO	E.	****043H	8,000	6,000	2	16,000
97	SAAVEDRA COTILLA	X.	****299A	5,125	8,875	2	16,000
80	OSUNA LEIROS	S.	****508M	5,250	7,250	2	14,500
95	RODRIGUEZ GONZALEZ	A.	****348P	6,250	6,125	2	14,375
68	MALVIDO RODRIGUEZ	M.A.	****579E	5,375	6,625	2	14,000
87	PEREZ SUAREZ	M.	****059Y	5,625	5,625	2	13,250
74	MOLANES PIÑEIRO	M. E.	****694N	5,000	5,812	2	12,812
90	RIAL CASAL	S.	****332K	5,000	5,750	2	12,750

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(911).- PROPOSTA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO RDL 5/2015 DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TREBEP, COMO TÉCNICO/A MEDIO/A DE ARQUIVOS. EXPTE. 32394/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 02/08/18, dáse conta do informe-proposta do 31/07/18, asinado polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

I.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 23 de novembro de 2017, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como técnico/a medio/a de arquivos, á maior brevidade.

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21/12/2017 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnicos/as Medios/as de Arquivos, integrado no subgrupo A2, expte. 30966/220, bases que se publicaron no BOP nº 18 de data 25 de xaneiro de 2018, e nas que se habilitaba expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións do Excmo. Sr. Alcalde Presidente, efectuadas en Resolucións de 19 de xuño de 2015 e 30 de decembro de 2016.

III.- Transcorrido o prazo para a presentación de recursos contra as referidas bases reitoras, presentan recurso potestativo de reposición varios aspirantes. Finalizado o trámite de audiencia, propónse á Xunta de goberno local a desestimación íntegra dos recursos presentados, que é aprobado pola mesma na súa sesión ordinaria de 26 de abril de 2018.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarían parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarían parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, na súa sesión de data 27/06/2018, documentada na Acta 6, por unanimidade de tódolos seus membros, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarían parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para técnico/a medio/a de arquivos, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2017, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º	PUNT. 2º	PUNT. 3º	TOTAL
47	RAMÍREZ ABAL	B	****242A	8,27	8,01	2,00	18,28
30	LOUREIRO BADA	R M	****402M	5,87	8,12	2,00	15,99
38	PASTORIZA ROZAS	P	****276H	5,39	7,73	1,40	14,52
22	GESTEIRA PONCE	A	****650F	5,16	5,92	2,00	13,08

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo a modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*"Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*



## Concello de Vigo

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que

subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a Medio/a de Arquivos, e que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnicos/as Medios/as de Arquivos segundo proposta do Órgano de Selección contida na acta de data 27/06/2018, que forma parte inseparable do citado acordo, segundo relación seguinte:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º	PUNT. 2º	PUNT. 3º	TOTAL
47	RAMÍREZ ABAL	B	****242A	8,27	8,01	2,00	18,28
30	LOUREIRO BADA	R M	****402M	5,87	8,12	2,00	15,99
38	PASTORIZA ROZAS	P	****276H	5,39	7,73	1,40	14,52
22	GESTEIRA PONCE	A	****650F	5,16	5,92	2,00	13,08

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(912).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V”. EXPTE. 74/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/08/18 e o informe de fiscalización do 21/08/18, dáse conta do informe-proposta do 17/07/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, Aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.72 “HUMANIZACIÓN FASE 5 RÚA ARAGÓN” cun importe de 1.033.308,31 euros.

**2.** Para levar a cabo esta actuación O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 3 de maio de 2017, resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de



## Concello de Vigo

"Humanización da Rúa Aragón, fase V", a prol da empresa GALAICONTROL S.L. (Expte. 4591/440).

3. Previo informe da Oficina de supervisión de proxectos de data 1 de febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 01.03.2018 acordou aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos D<sup>a</sup>. Trinidad López Rodríguez, data xuño de 2017 e cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (1.033.308,31 €).

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3.549-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 01,03,18 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 01.03.18, "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos D<sup>a</sup>. Trinidad López Rodríguez, en xuño de 2017 e cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (1.033.308,31 €). e data de sinatura dixital do 06/03/18 que se corresponde co expediente administrativo 3.549-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 02.07.18, onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 02.07.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 03.07.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 11.07.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 16.07.2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 16.07.2018.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2<sup>a</sup>. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08.05.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). O crédito atópase recollido na modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE V, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dª. Trinidad López Rodríguez, en xuño de 2017 e cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (1.033.308,31 €) e data xuño de 2017.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16.07.2018.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “UN MILLÓN TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTE E UN CÉNTIMOS (1.033.308,31€), sendo o importe correspondente ao IVE de 179.334,50 €.





## Concello de Vigo

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.72 "HUMANIZACIÓN FASE 5 RÚA ARAGÓN".

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(913).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA GREGORIO ESPINO. FASE III". EXPTE. 75/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 07/08/18 e o informe de fiscalización do 23/08/18, dáse conta do informe-proposta do 17/07/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, Aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.71 "FASE 3 HUMANIZACIÓN GREGORIO ESPINO" cun importe de 1.412.001,94 euros.

**2.-** Para levar a cabo esta actuación O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 3 de maio de 2017, resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de "Humanización da Avda. Gregorio Espino, Fase III", a prol da empresa AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314)

**3.** Previo informe da Oficina de supervisión de proxectos de data 3 de abril de 2018, A Xunta de Goberno Local aprobou en data 09.04.2018 o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVDA. GREGORIO ESPINO, FASE III", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Fernando López Mera e o Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS DOCE MIL UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.412.001,94€) de outubro de 2017, e data de sinatura dixital do 15/03/2018 e 19/03/2018 (doc-2\_planos).

**4.-** Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3.632-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 09.04.18 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 09.04.18, “HUMANIZACIÓN DA AVDA. GREGORIO ESPINO, FASE III”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Fernando López Mera e o Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS DOCE MIL UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.412.001,94€) de outubro de 2017, e data de sinatura dixital do 15/03/2018 e 19/03/2018 (doc-2\_planos). que se corresponde co expediente administrativo 3.632-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 02.07.18, onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 02.07.18.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 03.07.2018
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 11.07.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 12.07.2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 12.07.2018.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de



## Concello de Vigo

supervisión de proxectos de data 08.05.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). O crédito atópase recollido na modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA AVDA. GREGORIO ESPINO, FASE III”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Fernando López Mera e o Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS DOCE MIL UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.412.001,94€) de outubro de 2017, e data de sinatura dixital do 15/03/2018 e 19/03/2018 (doc-2\_planos).

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 12.07.2018.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “UN MILLÓN CATROCIENTOS DOCE MIL UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.412.001,94€), sendo o importe correspondente ao IVE de 245.058,19 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.71 (FASE 3 HUMANIZACIÓN GREGORIO ESPINO).

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(914).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “MELLORA ENTORNO PRAZA DE AMÉRICA”. EXPTE. 3844/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/08/18, dáse conta do informe-proposta do 21/08/18, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 07.02.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de “Mellora do entorno de Praza América” a prol de Dna. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ.

**II.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017. Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.77 “Humanización Praza América”.

**III.-** A arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez presenta proxecto de "MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA", cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 EUROS).

**IV.-** O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 04.07.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 05.07.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**V.-** A actuación se desenrola na praza pública e no seu entorno “ Praza América”, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

Tratase de transformar a praza existente, que serve como base de elemento circulatorio de tráfico rodado, para proceder a súa transformación nun elemento de conexión peonil entre as beirarrúas perimetrais, co centro da dita praza, e coa finalidade de por en valor o elemento artístico que configura na actualidade dita praza, e incrementar e mellorar o aspecto visual da mesma.

Proponse a renovación das redes de abastecemento; previa a escavación substituirase a condición existente de fibrocemento por unha de fundición dúctil; en canto ao saneamento prevese a renovación de colectores, acometidas e valvulería nos tramos Fragoso-Castrelos, supresión de colectores que están enterrados no túnel de circulación substituíndo por tubaxe de fundición dúctil atravesando o túnel e canalizando cara a rúa Coruña, e nova previsión e substitución de canalizacións reconducindo as outras zonas ata a r/Tranviarios, nova rede de drenaxe con provisión de colectores dende Gran Vía cara a r/Coruña e creando un anelo exterior da praza vertendo a mesma cara a rúa Coruña e Castrelos.

Proponse a substitución da actual rede de alumeadado por outra coas súas correspondentes canalizacións soterradas e as luminarias tanto na zona como tamén no aspecto ornamental.



## Concello de Vigo

Coa finalidade de evitar o ruído do tráfico, propónse a creación de anellos verdes formadas por vexetación sobre xardineiras que se propoñen, tanto no perímetro exterior como no elemento interior, ata a nova proposta de anelo de auga no elemento interior, que a súa vez trata de respectar a idea orixinal do escultor da obra existente.

En canto aos pavimentos prevese a substitución das lousas hidráulicas de formigón, por pezas de granito gris, con bordos de granito, previa demolición da soleira existente, e nova reposición da mesma a base de encachado, soleira de formigón e aplacado de granito, na zona central da praza e accesos peonís propónse un pavimento de soleira de formigón armado.

Se propón unha nova semaforización, coa correspondente canalización soterrada, mantendo a súa vez os xa existentes, unha nova sinalización vial, e novo mobiliario a base dun novo vaso para a fonte con graderíos, xardineiras no perímetro das zonas peonís, bancos, papeleiras e elementos informativos e posta en valor da praza.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 8 meses.

**VI.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 14.08.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

**VII.-** Consta no expediente administrativo de referencia informe da Xefa de Patrimonio Histórico, de data 20.08.2018, en relación a obrigatoriedade de recadar autorización sectorial en materia de conservación do patrimonio regulada na Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, indicando que as obras proxectadas atópanse FÓRA das zonas de protección de elementos arquitectónicos e arqueolóxicos.

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto dde "MELLORA DO ENTORNO DA PRAZA AMÉRICA", redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVENTOS MIL EUROS (1.900.000,00 EUROS) e data 29 de xuño de 2018 e sinatura dixital de data 13/08/2018.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(915).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO Á ESTRADA DO ZONDAL, INICIO PP.KK. 4+800. EXPTE. 66/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/08/18, dáse conta do informe-proposta do 23/08/18 da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



## Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto do 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 30 de xullo de 2018, polo que non se admitiu neste procedemento a HORDESCON, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación electrónica das proposicións esixidos no cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais, sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – FEDER VIGO VERTICAL o 7 de agosto de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Prezo</b>
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	85.507,72 €
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	86.407,15 €
3	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	89.710,22 €
4	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	96.803,41 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	100.154,20 €
6	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	100.688,94 €
7	NAROM, S.L.	114.553,05 €

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

*Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., o día 14 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 22 e 23 de agosto de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L., de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de agosto de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto das obras do reforzo da capa de rodaxe do firme dun camiño municipal anexo á estrada do Zondal, inicio pp.kk. 4+800 (66-441) por un prezo total de 85.507,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.840,18 euros.*





## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez